

BLOQUE 6: A CRISE DA RESTAURACIÓN

T. 23 A CRISE DA RESTAURACIÓN: a quebra do Sistema Canovista, a Crise de 1917, os gobernos de concentración e a Guerra de Marrocos

INTRODUCCIÓN:

- **CRONOLOXÍA:** Reinado Alfonso XIII (1902-1931). Dividido en dúas etapas:
 - SISTEMA DA RESTAURACIÓN (1902-1923)> Sistema obsoleto, que entra en crise.
 - DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (1923-30)
- **NUMEROSOS PROBLEMAS:**
 - Conflitos sociais (folgas, protestas, “pistoleirismo”...)
 - Conflitos bélicos (guerra de Marrocos)
 - Crise económica (período de Entreguerras)

1) FACTORES DA CRISE:

1.1. DESASTRE DO 98:

- Guerra pola independencia de Cuba> intervención de EEUU.
 - Guerra contra EEUU: perda das últimas colonias españolas, Cuba, Filipinas e Porto Rico.
- Inicio da crise do sistema da Restauración: xorden movementos que critican o sistema > Rexeneracionismo (Joaquín Costa) e Xeración do 98.
- A OPOSICIÓN empeza a estar máis mobilizada:
 - Auxe do movemento obreiro, cos distintos partidos e sindicatos obreiros (PSOE, CNT e UXT). Incremento constante das folgas, conflictividade social e atentados anarquistas.
 - Crecemento do republicanismo nas zonas urbanas.
 - Auxe dos nacionalismo periféricos, en Cataluña e País Vasco.
 - En Galicia colle forza o movemento do AGRARISMO¹.

1.2. INTERVENCIONISMO POLÍTICO DO MONARCA:

- O rei accede ao poder con 16 anos en 1902.
- Apoia aos sectores máis conservadores da política e do exército e ten un afán moi intervencionista nas decisións do goberno.

¹ AGRARISMO: movemento reivindicativo de masas do campesiñado galego a finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX, durante o período da Restauración. Creáronse asociacións e sindicatos agrarios para lograr a supresión do sistema foral (redención dos foros), loitar contra o caciquismo, e promover a renovación técnica do sector agrario galego. Destacaron as organizacións Solidariedade Galega (1907-12) e Acción Galega (1910-15), xunto co máximo líder desta, o crego ourensán Basilio Álvarez. Como consecuencia da mobilización, a ditadura de Primo de Rivera promulgou en 1926 o decreto de redención de foros.

1.3. DEBILIDADE DOS PARTIDOS DE “QUENDA”:

- Morte dos líderes tradicionais (Cánovas e Sagasta). Os grandes partidos non obteñen sempre as maiorías necesarias.
- O INTENTO REXENERACIONISTA:
 - Novos líderes dos partidos tradicionais: MAURA (Partido Conservador) e CANALEJAS (Partido Liberal).
 - Primeiros gobernos> espírito rexeneracionista: REVISIONISMO POLÍTICO, numerosas reformas, destacando: legalización da folga (1908); lei de recrutamento (1912), que abolía o sistema de quintas (1912), lei de Mancomunidades (1911-12), que permitía crear mancomunidades entre municipios, entre outras.

1.4. INICIO DO INTERVENCIONISMO DO EXÉRCITO NA VIDA POLÍTICA:

- Segundo o sistema canovista, o exército debía estar sometido ao poder civil.
- Numerosas críticas contra o exército por parte da oposición, dando lugar a un crecente malestar entre os militares contra estes movementos e partidos políticos.
- LEI DE XURISDICIÓNS (1906):
 - 1905: ataque dalgúns membros do exército ao unha revista satírica en Barcelona.
 - Aprobación da Lei de Xurisdicións, pola que se sometía a xuízo militar aqueles delitos de opinión e imprenta que fosen contra a unidade da patria e contra o exército.

1.5. INICIO DA GUERRA DE MARROCOS:

- Inicios do s. XX, zona de Marrocos aínda sen repartir entre os distintos imperios coloniais > CONFERENCIA DE ALXECIRAS (1906): reparto da zona entre Francia e España (zona norte e do Rif).
 - España intenta así compensar perda das súas últimas colonias, e aproveitar a zona para o ferrocarril e a explotación mineira.
- Oposición da poboación autóctona, o que xerará numerosos conflitos.
- Necesidade de empregar aos “reservistas” (persoas que fixeran o servizo militar pero que estaban incorporados á vida civil, aínda que sempre a disposición do exército), o que dará lugar a protestas entre a poboación:
 - 1909: **A SEMANA TRÁXICA DE BARCELONA** : As protestas xurdiron contra a orde do presidente Maura de enviar tropas de reserva á guerra de Marrocos tras a derrota do Barranco do Lobo. Isto provocou unha folga xeral que deu paso á insurrección, coa formación de barricadas nas rúas, enfrontamentos coas forzas de orde e a queima de numerosos edificios relixiosos ao longo dunha semana.

- Forte represión do goberno; búscase un chivo expiatorio como culpable> Ferrer i Guardia, pedagogo de ideoloxía anarquista máis outros catro líderes da mesma ideoloxía serán fusilados, culpándoos das revoltas (Fusilamentos de Mont Juic).
- Forte escándalo internacional e crise de goberno que suporá a dimisión do presidente Maura.

2) A CRISE DE 1917:

- 1914: Neutralidade na I Guerra Mundial > crecemento económico: España aumenta en exportacións, como subministradora dos países en guerra.
 - Suba dos prezos de primeira necesidade (FORTE INFLACIÓN)> forte malestar da sociedade.
- Vai ter lugar unha crise a varios niveis: crise militar, política e social.

2.1. A CRISE MILITAR: AS XUNTA DE DEFENSA

- Forte descontento dos militares “peninsulares” fronte aos “africanistas”, xa que perdían poder adquisitivo, e estes últimos obtiñan máis rápidos ascensos.
- Creación das XUNTAS DE DEFENSA militares, a primeira en Barcelona en 1916: asociacións formadas por oficiais de baixa e media graduación para defender os seus intereses profesionais en materia económica.
- Rápida extensión por toda España> novas reivindicacións:
 - Regulación dos ascensos.
 - Represión contra o movemento obreiro e os nacionalismos.
- O goberno conservador de Dato disolveunas pero foi presionado e tivo que recoñecelas > pon de manifesto a debilidade do poder político fronte ao militar.

2.2. A CRISE PARLAMENTARIA:

- Ante a crise gubernamental numerosos deputados e senadores da Lliga Regionalista, máis socialistas e republicanos, crean en Barcelona A ASEMBLEA NACIONAL DE PARLAMENTARIOS > demandan a convocatoria de cortes constituíntes.
- Considerada ilegal polo goberno, fracasou polas disensións internas e a falta de apoio.

2.3. A CRISE SOCIAL: A FOLGA REVOLUCIONARIA.

- Debido aos baixos soldos e á forte inflación > CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL, por parte do PSOE e UXT. Apoiada pola CNT.
- Desigual apoios: moi maioritaria nas zonas industriais e principais cidades (Madrid, Barcelona, País Vasco, Asturias e Levante).

- Forte represión do goberno: cadea perpetua para os convocantes (logo amnistiados), emprego do exército para reprimir protestas, emprego de armas de fogo contra os manifestantes, detencións masivas...

2.4. CONSECUENCIAS: OS GOBERNOS DE CONCENTRACIÓN

- A conflitividade social continuou en aumento > crise económica co fin da I Guerra Mundial:
 - Asasinato do presidente Dato por un anarquista.
 - Numerosas folgas, protestas obreiras e época do “pistoleirismo” (asasinatos entre anarquistas e patróns).
 - Revoltas campesiñas.
- Forte fraccionamento dos partidos políticos > o rei intervéñe na vida política co establecemento de GOBERNOS DE CONCENTRACIÓN, compostos por representantes de varios grupos políticos (liberais, conservadores e nacionalistas conservadores), como un intento de restablecer a estabilidade política. Ao final, tamén supuxeron un fracaso, nomeándose ata doce gobernos ata a Ditadura de Primo de Rivera. Os republicanos e socialistas quedaron fóra deles, por no estar dacordo con este tipo de mecanismos.

3) A GUERRA DE MARROCOS. O DESASTRE DE ANNUAL

- Inicio dos conflitos coa poboación autóctona, liderados por ABD EL-KRIM, na zona do Rif, fundamentalmente.
 - Varias derrotas españolas (derrota do Barranco do Lobo).
- O exército español estaba mal preparado e equipado, dirixido polo xeneral Berenguer e creándose corpos específicos para a loita na zona:
 - Os Regulares, con tropas indíxenas.
 - A Lexión, fundada por Franco e Millán Astray.

3.1. O DESASTRE DE ANNUAL(1921):

- Gran derrota do exército español en 1921 ante os rifeños na Guerra de Marrocos.
- Ofensiva sobre o Rif dirixida polo XENERAL SILVESTRE, que continúa o avance a pesares das ordes do seu superior de detela.
 - Os rifeños cercan á tropas en Annual.
 - Morren máis de 10000 soldados, incluído Silvestre.
- Forte impacto na opinión pública, cun forte rexeitamento á guerra na zona > fortes protestas.

3.2. O EXPEDIENTE PICASSO:

- Republicanos e socialistas presionan ao Parlamento para o abandono de Marrocos e forzan ao goberno a nomear unha COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN, presidida polo XENERAL PICASSO.

- As conclusións implicaban a dirixentes políticos dos partidos tradicionais, a militares e incluso ao rei. Mostraba a ineficacia e a corrupción do goberno e do exército, o que fai crecer o desprestixio xeral do réxime.
- En 1923, antes do ditame antes as Cortes do Expediente, o XENERAL PRIMO DE RIVERA da un GOLPE DE ESTADO, impoñendo unha ditadura militar para solucionar a crise do réxime.